


Ao longo deste mes de agosto terán lugar por toda a cidade un conxunto de actividades deseñadas polo **Concello de Santiago e Compostela Ilustrada** nas que se mesturan, coma sempre, debuxo e cultura, e nas que contaremos cunhas invitadas de primeiro nivel para que ninguén deixe encerradas na casa as acuarelas e os cadernos.

Nesta Edición Verán, visitaranos a nosa directora, **Maru Godas**, que impartirá un obradoiro con viño; a ilustradora valenciana **María Herreros**, que realizará o tradicional mural en directo, charlará do seu traballo e dará un obradoiro de retrato; **Catalina Rodríguez**, que vén desde Asturias para ofrecernos un obradoiro de como ilustrar ioga e para falar do seu último proxecto sobre os camiños; **Luís Ruiz Padrón**, que aterrá desde Málaga para ensinarnos a debuxar grandes arquitecturas, presentar os seus libros e contar o seu traballo no xornalismo ilustrado; a ourensá **MeliMolita**, gañadora do Premio Compostela Ilustrada do pasado ano, que nos aprenderá a debuxar no Mercado de Abastos, onde teremos unha exposición *Pop-up* dos traballos de **Laurent Corvaisier** sobre a praza; e o colectivo de **Bosquejeros**, que nos presentará a súa experiencia durante o COVID realizando retratos da Residencia Volta do Castro de Santiago.

NORMAS

- Todas as actividades son gratuítas, previa inscrición na páxina <https://edicionveran.compostelailustrada.com>
- Cada actividade terá un aforo máximo de 15 persoas, salvo as conferencias, que serán de 50 prazas.
- Unha vez formalizada a inscrición, chegarache un correo electrónico de confirmación que cumprirá amosar na porta de entrada das actividades.
- Non se poderá acceder a ningunha actividade sen estar rexistrado.
- A tarde de conferencias reservárase cunha única inscrición para todas elas.
- A actividade de debuxo de mural de María Herreros, os días 7 e 8 de agosto nos soportais do Museo das Peregrinacións, non precisa reserva por ser ao aire libre, aínda que si se manterá a distancia de seguridade.
- As actividades están destinadas a persoas maiores de 18 anos.
- Será obrigatorio o uso de máscara sanitaria.
- Gardarase a distancia de seguridade e disporase de xel hidroalcohólico en todas as actividades.
- Cada participante traerá o seu propio material de debuxo.
- Rógase chegar con 10 minutos de antelación.
- Para calquera dúbida, podes poñerte en contacto connosco en info@compostelailustrada.com

APÚNTATE EN
<http://edicionveran.compostelailustrada.com>



MARUGODAS

Ilustradora freelance e cadernista, leva anos traballando no mundo da animación, tipografía, deseño web e fotografía. É unha das debuxantes catalás máis recoñecidas no ambiente dos sketcher, ten colaborado con Planeta de Agostini, RBA, National Geographic ou La Caixa, e publicado libros ilustrados, o máis recente: *Belleza Orgánica* para a editorial Gustavo Gili.
<https://marugodas.com>



MARÍA HERREROS

Artista residente en Barcelona, desde onde desenvolve o seu traballo cara ao resto do mundo. Con proxectos que van da ilustración e o mural a unha obra persoal en pintura, trata de expresar o máis instintivo do ser humano, cun estilo característico que oscila entre a beleza e o grotesco.
<https://mariaherreros.com>

LUÍS RUIZ PADRÓN

Doutor en Arquitectura, colabora semanalmente cos xornais *La Opinión de Málaga* e *Diario SUR*; neste último está a cargo da contraportada dos domingos, a cal ocupa cunha crónica debuxada e escrita da cidade. É presidente da Asociación Cultural Malagráfica, organizadora dos encontros de debuxo do mesmo nome.
<http://luispadron.blogspot.com>

CATALINA RODRÍGUEZ

Artista asturiana residente en Madrid. A acuarela é a súa técnica favorita. Combina o seu traballo persoal con encargos e colaboracións de deseño e ilustración. Impartiu talleres en Grecia, Portugal, Cuba, O Xapón, Italia ou Croacia, e os seus traballos expuxéronse en España, Tokio, Portugal e Inglaterra.
<https://www.catalinarodriguezvillazon.com>

MELIMOLITA

Desenvolve a súa actividade artística ao redor da ilustración e a animación audiovisual, e nela destacan os mapas debuxados para *Camiño: a orixe* (Cidade da Cultura) e a animación gañadora do Premio de Creación Audiovisual do Certame Xuventude Crea 2013. As súas pezas participan nas exposicións Parque de Animagem (Parque Doa Lindu de Recife, Brasil) e Perspectives París, na galería Wagram, entre outras.
[@MeliMolita](https://www.instagram.com/MeliMolita)

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

O mural ilustrado por María Herreros

Venres 7 de agosto. 10:00 h
Soportais do Museo das Peregrinacións. Praza das Praterías

Coñecendo a María Herreros

Entrevista: Mercedes Corbillón
Venres 7 de agosto. 16:30 h
Librería Cronopios. Rúa de Alfredo Brañas, 24

O mural ilustrado por María Herreros

Sábado 8 de agosto. 11:00 h.
Soportais do Museo das Peregrinacións. Praza das Praterías

Obradoiro de retrato de María Herreros

Sábado 8 de agosto. 18:00 h
A Horta do Obradoiro, Rúa Hortas, 16

Obradoiro Debuxando ioga con Catalina Rodríguez

Martes 11 de agosto. 10:00 h
O Xardín de Julia, Rúa da Virxe da Cerca, 20

Experiencias debuxadas

Martes 11 de agosto. 16:00 h.
Auditorio do Museo das Peregrinacións. Praza das Praterías
Catalina Rodríguez: *Dous Camiños*
Luís Ruiz Padrón: *Xornalismo Ilustrado*
Olga López: *Retratos da Pandemia. Volta do Castro*
Modera: Maru Godas

Obradoiro: Debuxando a Biblioteca de Galicia con Luís Ruiz Padrón

Mércores 12 de agosto. 10:00 h
Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura

Obradoiro: A Cata Ilustrada con Maru Godas

Mércores 12 de agosto. 18:00 h
Café de Altamira. Rúa das Ameas, 9

Presentación de libros de Luís Ruiz Padrón

Mércores 12 de agosto. 20:00 h
Librería Couceiro. Praza de Cervantes, 6

Obradoiro: Debuxando no Mercado con MeliMolita

Xoves 13 de agosto 10:00 h
Aula de Formación do Mercado de Abastos. Rúa das Ameas

Inauguración da exposición Pop-up:

O Mercado / Le Marcé de Laurent Corvaisier

Xoves 13 de agosto. 11:30 h
Aula de Formación do Mercado de Abastos. Rúa das Ameas



MARU GODAS MARÍA HERREROS
CATALINA RODRÍGUEZ LUÍS RUIZ PADRÓN
MELIMOLITA


SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 7 AO 13 DE AGOSTO de 2020

COMPOSTELA
ILUSTRADA

· EDICIÓN VERÁN ·



MARU GODAS
MARÍA HERPEROS
CATALINA RODRÍGUEZ
LUIS RUIZ PADRÓN
MELIMOLITA



• EDICIÓN VERÁN •

COMPOSTELA ILUSTRADA

SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 7 AO 13 DE AGOSTO de 2020



ORGANIZAN

CONCELLO DE
SANTIAGO

COMPOSTELA
ILUSTRADA

COA COLABORACIÓN DE

Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Galicia
Calidade

